

Sae á rúa unha nova edición dun clásico nas festas da cidade da Coruña, chega o XVII Festival Manicómicos co mellor teatro cómico, clown e circo nas rúas e prazas da nosa cidade, cunha variada programación de contrastada calidade para todos os públicos.


ACCIÓNS DE RÚA

Xoves 3, 11:30-14:30 h - Mercados municipais
Venres 4 e Sábado 5, 19:00 - 22:00 h - Zona Obelisco

Na semana previa ao festival varios grupos de clowns percorrerán a cidade, tanto a pé como en buses, co obxectivo de promocionar o festival dun xeito lúdico, directo e participativo.

Intereactuarán coa xente nas rúas, mercados e prazas, autobuses... para intercambiar un sorriso por un caderno coa programación, deixando así un máxico recordo na cidadanía.

	XOVES 10	VENRES 11	SÁBADO 12	DOMINGO 13
12:00 h		PATTY DIPHUSSA Hartista contemporánea PZA. DAS CUNCHIÑAS	CÍA. EIA Espera CAMPO DA LEÑA	CÍA. BARRÉ Tras la escoba OBELISCO
13:00 h		MAGO NOEL Que curioso! PZA. DAS CUNCHIÑAS	CÍA IO Contiguo CAMPO DA LEÑA	CÍA VAQUES Ye Orbayu OBELISCO
19:00 h	MAGO NOEL Que curioso! EXTERIOR CENTRO CÍVICO OS MALLOS	PATTY DIPHUSSA Hartista contemporánea PRAZA MARÍA PITA	INFONCUNDIBLES La Banda de Otro "Yee haw!" PRAZA DE AZCÁRRAGA	Gala XVII Festival Manicómicos — ANFITEATRO PARQUE STA. MARGARIDA
20:30 h	SMART Smart TEATRO CENTRO CÍVICO OS MALLOS	CÍA. EIA Espera PRAZA MARÍA PITA	LEANDRE Rien à dire PRAZA DAS BÁRBARAS	
22:00 h	DUELIRIUM Welcome EXTERIOR CENTRO CÍVICO OS MALLOS	PISTACATRO Impreuna PRAZA MARÍA PITA	FEKAT CIRCUS The rise of the full moon PRAZA MARÍA PITA	



MAGO NOEL (Galicia)

Que curioso!

Xoves 10. 19:00 h
Exterior Centro Cívico Os Mallos

Venres 11. 13:00 h
Praza das Cunchiñas

Elenco: Noel Fandiño | Estilo: Maxia cómica
Duración: 45' | Público: Todo público

Un espectáculo de maxia moi participativo, colorido e divertido, que combina numerosas técnicas circenses e teatrais, demostrando que a prestidixitación, os malabares, o humor, a música e a poesía crean por si mesmos un espazo de comunicación xenuino entre mago e público.

“Que curioso!” é... un espectáculo para soñar.




SMART (Galicia)

Smart! Como un teléfono intelixente pode converterte nunha idiota

Xoves 10. 20:30 h
Teatro Centro Cívico Os Mallos

Elenco: Marta Iglesias, Natalia Outeiro “Pajarito”, Akira Valero | Dirección: Antón Coucheiro
Estilo: Clown e videomapping | Duración: 65'
Público: A partir dos 6 anos

“Smart” é unha comedia sen palabras arredor do mundo das aplicacións móbiles. Tres estrambóticas pallasas engançadas aos seus *smartphones* acoden desorientadas a unha clínica de rehabilitación para superar a súa adicción. A través da técnica do *videomapping*, crean un universo poético-surrealista con escenografía e atrezzo virtuais, e moreas de *apps* por descubrir.



DUELIRIUM (Galicia)

Welcome

Xoves 10. 22:00 h
Exterior Centro Cívico Os Mallos

Elenco: Mercé Solé, Raquel Oitavén | Estilo: Circo contemporáneo | Duración: 45' | Público: Todo público

Un canto á idea do fogar, onde nos atopamos libres, relaxadas e a salvo. Que pasa cando dúas amigas non se ven dende hai tempo? Que pasa arredor desa casa sen paredes? “Welcome” son intencións e emocións ocultas, expostas á ollada do público... Risos, arrumacos, leas e anécdotas nunha casa, bastante moderna, duns 12 metros cadrados, cun mastil chinés e moitos equilibrios.



PATTY DIPHUSSA (Galicia)

Hartista Contemporánea

Venres 11. 12:00 h
Praza das Cunchiñas

Venres 11. 19:00 h
Praza María Pita

Elenco: Malala Ricoy | Estilo: Clown | Duración: 45'
Público: Todo público

Patty Diphussa é unha pallasa que cos seus globos ven repartir unha enchenta de amor entre o público. Con globoflexia, maxia, acrobacia con globos e o espectacular gran final do Globo Xigante esta Hartista Contemporánea vaite “inchar” de emoción.



CÍA. EIA (Cataluña)

Espera

Venres 11. 20:30 h
Praza María Pita

Sábado 12. 12:00 h
Campo da Leña

Elenco: Celso Pereira, Francesca Lissia | Estilo: Circo contemporáneo | Duración: 45' | Público: Todo público

“Espera” é un espectáculo de circo sobre as expectativas, a esperanza e o paso do tempo. A partir dos arquetipos do imaxinario colectivo, percorre xunto co público o camiño que une a linguaxe actual da investigación acrobática coa linguaxe atemporal das tradicións e rituais populares, facendo que os espectadores participen deixando atrás o papel de mirar sen ser vistos.



PISTACATRO (Galicia)

Impreuna

Venres 11. 22:00 h
Praza María Pita

Elenco: Antonio Delgado, Ariñe Azkue, Aitor Garuz, Pablo Reboleiro, Raquel Oitavén, Óscar Paez, Alfredo Pérez | Dirección: Pablo Reboleiro | Estilo: Circo contemporáneo | Duración: 60' | Público: Todo público


Unha viaxe polo mundo das relacións en grupo. Unha visita por valores como a amizade, a familia, o traballo en comunidade, a solidariedade ou a cooperación, intrínsecos ao mundo do circo. “Impreuna” impregna ao espectador dun optimismo baseado na unión entre persoas para responder aos conflitos que envolven ao ser humano, a través de múltiples técnicas circenses.



XVII FESTIVAL MANICÓMICOS

10-13
AGOSTO 2017
A CORUÑA

MANICOMICOS.ORG



GALA XVII FESTIVAL MANICÓMICOS

Domingo 13. 21:00 h
Anfiteatro Parque Santa Margarida

Elenco: artistas de Manicómicos e invitados
Presentación: Cía. Vaques! | Dirección: Malala Ricoy |
Estilo: Humor e circo | Duración: 90'
Público: Todo público

Como peche do festival, Manicómicos ofrecerá unha gala de variedades con artistas vencellados á súa Asociación Cultural e outros invitados para a ocasión. Hora e media de humor e bo circo para celebrar por todo o alto o remate da XVII edición do Festival Manicómicos



CÍA. IO (Galicia)
Contiguo

Sábado 12. 13:00 h
Campo da Leña

Elenco: Álvaro Reboredo "Fiti", Álvaro Pérez |
Dirección: Natalia Outeiro "Pajarito" | Estilo: Circo contemporáneo | Duración: 50' | Público: Todo público
"Contiguo" nace de poñer un ser humano xunto a outro, nese lugar onde un acaba e comeza o outro. Un espectáculo sensitivo, poético e dinámico, que investiga coa linguaxe espacial e corporal, a través do humor, a manipulación de obxectos e técnicas circenses como a roda Cyr ou a corda lisa aérea.

INFONCUNDIBLES (Andalucía)
La Banda de Otro: Yee haw!

Sábado 12. 19:00 h
Praza de Azcárraga

Elenco: Daniel Foncubierta, José Alberto Foncubierta, Rafael Díaz | Estilo: Circo e clown musical
Duración: 60' | Público: Todo público
"Yee haw" é un grito de entusiasmo, pura onomatopeia da felicidade que nos traslada ao vello Oeste de Andalusiana. Sumerxidos nun universo musical inspirado no Country, Ragtime e Bluegrass, La Banda de Otro ofrécenos un des-concerto tan especial como eles mesmos.
Un espectáculo de circo onde é imposible distinguir aos músicos dos malabaristas e os pallasos.

LEANDRE (Cataluña)
Rien à dire

Sábado 12. 20:30 h
Praza das Bárbaras

Elenco: Leandre Ribera | Estilo: Clown mudo
Duración: 60' | Público: Todo público
Leandre é un dos cómicos máis internacionais do panorama estatal, con miles de representacións por todo o mundo e recoñecementos que o avalan como un dos mellores pallasos en activo, capaz de tocar os nosos corazóns co seu humor tenro e poético sen palabras. En "Rien à dire", non hai nada que dicir e todo se di cunha simple mirada. Un regalo.

FEKAT CIRCUS (Etiopía)
The rise of the full moon

Sábado 12. 22:00 h
Praza María Pita

Elenco: Fekat Circus | Estilo: Circo tradicional
Duración: 75' | Público: Todo público
Un espectáculo de circo social con toda a forza e paixón desbordantes de África, feito por artistas xoves que pretenden cambiar o seu entorno social a través dos valores do circo. Fekat Circus (circo florecente), é un proxecto solidario internacional de grande importancia en Etiopía, que ven difundir o poder curativo das artes neste mundo tan contaminado polo individualismo.

CÍA. BARRÉ (Euskadi)
Tras las escoba

Domingo 13. 12:00 h
Obelisco

Elenco: Javier García "Mimo" | Estilo: Circo e clown sen palabras | Duración: 45' | Público: Todo público
"Tras la escoba" é un espectáculo baseado na xornada laboral dun varrendeiro, impregnado do humor e o carisma do cinema mudo. O protagonista vaise atopando con situacións do máis cómicas, provocadas polos seus despistes, que farán que o seu caos acabe converténdose nunha habilidosa sucesión de números de circo.

CÍA. VAQUES (Asturias)
Ye Orbayu

Domingo 13. 13:00 h
Obelisco

Elenco: José Luis Redondo e Jorge Albuérne
Estilo: Circo e clown absurdo | Duración: 50'
Público: Bueno... un pouco de todo
Espectáculo de Circo Rural Trash, reconfortantemente sucio e honesto, que foxe do cursi ou diso de "que monada", no que un par de homes maduros e contundentes crean unha peza desequilibrada, agradecidamente grotesca, unha danza desacompañada de bestas desoladas, un dúo de clowns desfasados, que saben meterse ao público no peto.

PISTACATRO | LEANDRE | SMART | CÍA. IO | FEKAT CIRCUS
INFONCUNDIBLES | PATTY DIPHUSSA | EIA | VAQUES
CÍA. BARRÉ | MAGO NOEL | DUELIRIUM
GALA XVII FESTIVAL